

CONTRARRELOXO POR EQUIPOS

Consideracións e Normativa da Proba

5
KM



A proba consiste nun contrarreloxo por equipos de 5 km. Non gaña o participante individual máis rápido, senón o equipo cuxo sexto compoñente cruce a meta no menor tempo posible.



Hora de inicio

19:00 h (orientativa)



Límite de tempo

Diferenza máxima entre o 1.º e o 6.º compoñente: 5 segundos



Penalización

1 minuto por saída anticipada ou por achegarse á zona de meta con dorsal antes de participar



Descualificación

Cruzar a meta ao iniciar a segunda volta



NORMATIVA XERAL

- › Se a diferenza entre o primeiro e o sexto compoñente ao cruzar a meta supera os 5 segundos, o equipo quedará eliminado.
- › Cada equipo ten asignada unha hora de saída orientativa. Calquera retraso na primeira saída aplicarase automaticamente ao resto dos equipos.
- › A hora de saída debe respectarse ao máximo. Haberá un cronómetro visible na zona de saída co tempo oficial da competición.



ZONA DE SAÍDA

- › Os equipos deben acceder á zona de saída pola parte traseira da rampa, para non interferir cos equipos que están iniciando a carreira.
- › Cada equipo debe estar na carpa de saída 1 minuto antes da súa hora de saída.
- › Dentro da carpa só pode estar o equipo que vai saír nese momento. O equipo seguinte non poderá entrar ata que o anterior abandone a carpa.
- › Dentro da carpa haberá un reloxo con conta atrás continua de 1 minuto.
- › **Non se pode saír antes do tempo marcado. A saída está controlada por fotocélula: cruzala antes do sinal supón unha penalización de 1 minuto.**
- › **Está prohibido achegarse á zona de meta a menos de 25 m portando o dorsal antes de que o equipo inicie a súa participación. O incumprimento supón unha penalización de 1 minuto.**

INICIO DA SEGUNDA VOLTA

A recta final está dividida en dúas zonas diferenciadas:

1. Entrada a meta
 2. Inicio da segunda volta
- › O carril da dereita (o máis próximo á rampa de saída) está reservado exclusivamente para os equipos que rematan a segunda volta e entran en meta.
 - › Os equipos que inician a segunda volta deben circular polo carril da esquerda.
 - › **Os equipos que comezan a segunda volta non poden cruzar a meta en ningún caso. O incumprimento desta norma implica a descualificación do equipo.**

DESPOIS DA CARREIRA

- › Unha vez rematada a proba, os participantes deben abandonar a zona do circuíto con precaución.
- › Pode haber equipos en curso: iniciando a carreira ou comezando a segunda volta.

Grazas pola vosa colaboración. ¡Agardamos que disfrutedes da carreira!
